



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo dispuesto en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas a los proyectos de nuevos tramos del paseo marítimo de Oleiros.**

El Ministerio para la Transición Ecológica anunció el 21 de junio que están expuestos los proyectos de los nuevos tramos del paseo marítimo de Oleiros, tanto en la zona de Parque del Paraíso como el previsto en Seixo hasta el límite con Cambre.

En Paraíso se prevé una inversión de 556 058 euros para un tramo de 200 metros. Respecto al tramo que va hasta el límite con el Ayuntamiento de Cambre, el plan es construir un nuevo paseo con un ancho de 3 metros, un proyecto que prevé contar con una presupuesto de 1 805 847 euros y un plazo de ejecución de nueve meses.

Sin embargo, aunque estas obras son necesarias y pueden mejorar el entorno, los planes del Ministerio para la Transición también prevén la eliminación de dos muelles en el Parque de Seixo en Oleiros, dentro de la zona verde pública de la Ría do Burgo.

El BNG ha denunciado el estado de abandono absoluto de estas estructuras, que suponen un peligro para los transeúntes, pero siempre ha defendido su conservación y reparación. Efectivamente, es necesario realizar actuaciones de mantenimiento, ya que están rodeadas de hierros oxidados, en avanzado estado de deterioro y sin protección, por lo que es necesario limpiarlas y habilitarlas adecuadamente. De hecho, a través de diferentes iniciativas, venimos alertando de su peligrosidad desde 2009 y exigiendo su mejora, para evitar que vuelvan a producirse, como ya ha ocurrido, nuevos accidentes con transeúntes, especialmente niños y niñas. Los embarcaderos están situados en el litoral de la Ría do Burgo, muy transitado por personas que practican deporte o pasean, en una zona en pendiente donde es fácil resbalar.

Sin embargo, su eliminación total implica hacer desaparecer por completo una estructura típica de la zona cuando estos pilares son dos de los pocos que quedan. Es necesario apostar, como hace el BNG, por su recuperación y puesta en valor como elementos que forman parte de la historia de la ría que, en tiempos, contó con embarcaderos similares a lo largo de toda



la costa de O Burgo y que han ido desapareciendo.

Por los motivos expuestos, el BNG plantea las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno:

1. ¿Puede el Gobierno facilitar información más detallada sobre los proyectos de los nuevos tramos del paseo marítimo de Oleiros y las actuaciones que se acometerán, así como los plazos y el calendario de actuaciones?
2. En el proyecto del paseo marítimo desde O Seixo hasta el límite con Cambre, se contempla la eliminación de dos muelles en el Parque do Seixo. ¿Cuáles son las razones que llevan al Ministerio a proponer esta actuación en lugar de apostar por su recuperación y puesta en valor, al tratarse de una estructura tradicional de la Ría do Burgo que está desapareciendo?
3. ¿Revisará el Ministerio el proyecto presentado para incorporar el mantenimiento de estos dos muelles como elementos que forman parte de la historia de la Ría, llevando a cabo las actuaciones de conservación correspondientes y asegurando el entorno para las personas viandantes derivado de su estado de abandono?
4. ¿Comparte el Ministerio que, al tratarse de una estructura tradicional, reminiscencia de la importancia de la actividad pesquera en la Ría do Burgo, sería necesario conservar los embarcaderos para ponerlos en valor y que formen parte del paseo marítimo?

Madrid, a 25 de junio de 2025

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

25 JUN. 2025 12:05:38

Entrada **74209**

Sobre o mantemento dos embarcadoiros no paseo marítimo de

Oleiros

Competencia	Otros Expedientes
Tipo Expediente	300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas aos proxectos dos novos tramos do paseo marítimo de Oleiros.**

O Ministerio de Transición Ecolóxica anunciaba o pasado 21 de xuño que están expostos os proxectos dos novos tramos do paseo marítimo de Oleiros, tanto na zona do Parque do Paraíso como o previsto no Seixo até o límite con Cambre.

No Paraíso prevese realizar un investimento de 556.058 euros para un treito de 200 metros. En canto ao tramo que vai até o límite co Concello de Cambre, o plan é construír un novo paseo cun ancho de 3 metros, obra que prevé contar cunha dotación de 1.805.847 euros e cun prazo de execución de nove meses.

Porén, aínda que estas obras son necesarias e poden mellorar o entorno, os planos do Ministerio da Transición prevén tamén a eliminación de dous embarcadoiros no Parque do Seixo de Oleiros, dentro do que é a zona verde pública Ría do Burgo.

O BNG ten denunciado o estado de abandono absoluto destas estruturas, que implican un perigo para os transeúntes, mais sempre defendeu a súa conservación e reparación. Efectivamente é preciso realizar actuacións de mantemento, pois están rodeadas de ferros oxidados, en avanzado estado de deterioro e sen protección, polo que precisan de ser limpadas e habilitadas adecuadamente. De feito, a través de distintas iniciativas, levamos desde o ano 2009, advertindo da súa perigosidade e demandando o seu acondicionamento,

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

25 JUN. 2025 12:05:38

Entrada **74209**



para evitar que se volvan a producir novos accidentes das e dos transeuntes, especialmente crianzas, como xa foi o caso. Os embarcadoiros encóntranse na liña de costa da Ría do Burgo, moi concorrida por persoas que fan deporte ou pasean, nunha zona de pendente en que e doado esvarar.

Porén, a súa eliminación total implica facer desaparecer por completo unha estrutura típica da zona cando estes embarcadoiros son dous dos poucos que se conservan. É preciso apostar, como fai o BNG, pola súa recuperación e posta en valor como elementos que forman parte da historia da ría que, en tempos, tivo embarcadoiros semellantes ao longo de todo o litoral do Burgo e que foron desaparecendo.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno:

1. Pode o Goberno achegar información máis detallada sobre os proxectos dos novos tramos do paseo marítimo de Oleiros e as actuacións que se van a acometer así como os prazos e calendario de actuacións?
2. No proxecto que atinxe ao paseo desde O Seixo até o límite con Cambre, contémpase a eliminación de dous embarcadoiros no Parque do Seixo, cales son as razóns que levan ao Ministerio a propor esta actuación en lugar de apostar pola súa recuperación e posta en valor por tratarse dunha estrutura tradicional da Ría do Burgo que agora está desaparecendo?
3. Revisará o Ministerio o proxecto presentado para incorporar o mantemento estes dous embarcadoiros como elementos que forman parte da historia da Ría, levando a cabo as correspondentes actuacións de conservación e asegurando o entorno para as persoas viandantes derivado do seu estado de abandono?



4. Comparte o Ministerio que, tratándose dunha estrutura tradicional, reminiscencia da importancia das actividades pesqueiras na Ría do Burgo, sería preciso conservar os embarcadoiros para polos en valor e que formen parte do paseo?

Madrid, a 25 de xuño de 2025

A handwritten signature in blue ink, appearing to be 'Néstor Rego Candamil', is centered on the page. The signature is fluid and cursive.

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso